

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000043.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no salón de comisións o vindeiro **mércores**, día **23 de outubro de 2024**, ás **10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 4, 11, 18, 25 DE SETEMBRO; 2 E 9 DE OUTUBRO DE 2024 (Exp. 2024/G004/000703).

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA AMPLIACIÓN EN ALTURA DE EDIFICIO, REMODELACIÓN DE TRECE VIVENDAS E AMPLIACIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS EN OITO, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN LOCAL EN PLANTA BAIXA SEN USO DEFINIDO E UN TOTAL DE 21 VIVENDAS EN SETE PLANTAS ALTAS, SOBRE SOTO EXISTENTE CON LICENZA ANTERIOR 391/07, NA RÚA POETA MANUEL MARÍA - ESQUINA RÚA VÁZQUEZ QUEIPO (Exp. 2022/Y001/000063).

XESTIÓN

3. "PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE DESDOBRAMENTO DA AVENIDA INFANTA ELENA DE LUGO ENTRE A ROTONDA DO CENTRO COMERCIAL 'AS TERMAS' E A ROTONDA DA AVENIDA BENIGNO RIVERA (O CEAO - LUGO)". RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE DETALLE DO PREZO XUSTO DOS COPROPIETARIOS AFECTADOS E DE RECTIFICACIÓN DE TITULARIDADE DAS PARCELAS AFECTADAS.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE ANEXA AO CENTRO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/nmf

Refº: ispac9052078967465816128.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-10-2024

EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS-ESPAZO LAB-PARQUE DE BOMBEIROS) REF. 2024/C012/000004. ADXUDICACIÓN.

5. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA A N-VI COA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2902 ATRAVESANDO O NÚCLEO RURAL DE GUNTÍN”, OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS PARA A ANUALIDADE 2024 EXP. 2024/C002/000011. ADXUDICACIÓN

6. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA A ESTRADA PROVINCIAL LU-612 COS NÚCLEOS RURAIS DE BARREIROS, FAXILDE E CUIÑA, NA PARROQUIA DE SAA”, OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS PARA A ANUALIDADE 2024 EXP. 2024/C002/000010. ADXUDICACIÓN.

7. CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS E NA PRAZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO EXP. 2024/C012/000002. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

8. NOMEAMENTO DE 7 FUNCIONARIOS DE CARREIRA NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO.

9. MODIFICACIÓN DO ACORDO 4/440 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 9 DE OUTUBRO DE 2024.

10. MODIFICACIÓN DO ACORDO 2/438 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE CELADOR CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 9 DE OUTUBRO DE 2024.

11. MODIFICACIÓN DO ACORDO 3/439 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE

INTELECTUAL, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 9 DE OUTUBRO DE 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

12. PROPOSTA DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DESTINADA AO COFINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DE AXENTES LOCAIS DE INNOVACIÓN POR PARTE DOS CONCELLOS DAS CIDADES MEMBROS DA REDE INNPULSO - ANO 2024 (CÓDIGO DE PROXECTO: 232410006).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ao interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.